



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CLÚSTER GALLEGO DA INDUSTRIA E SERVIZOS DE APOIO AO DESENVOLVEMENTO DAS ENERXÍAS RENOVABLES E DA SOSTENIBILIDADE ENERXÉTICA (CLUERGAL) PARA ANALIZAR O IMPACTO ECONÓMICO EN GALICIA DERIVADO DA SUSPENSIÓN DE PROXECTOS EÓLICOS E A SÚA REPERCUSIÓN NO DESENVOLVEMENTO ENERXÉTICO E SOCIOECONÓMICO NA NOSA COMUNIDADE

Ao abeiro do que establece o artigo 4. f) da Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o Acordo de Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares (DOG de 30 de abril de 1991), así como no artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, expóñense os antecedentes, as razóns de necesidade e oportunidade, os obxectivos perseguidos e o impacto económico deste convenio de colaboración:

1. ANTECEDENTES E RAZÓNS DE NECESIDADE E OPORTUNIDADE

O cambio climático constitúe unha ameaza cuxos efectos teñen repercusión sobre múltiples aspectos de carácter global como son, entre outros, o desenvolvemento sustentable, a economía mundial, a xestión dos recursos naturais ou a saúde. Este carácter universal, tanto das causas como dos efectos, provoca que sexa indispensable achegar unha resposta multilateral fundamentada na acción conxunta de todos os países de acordo co principio das responsabilidades comúns pero diferenciadas.

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, a conservación do patrimonio natural, a ordenación do litoral e promoción da paisaxe, a protección das augas, a loita contra o cambio climático e prevención da contaminación e as competencias na materia de instalacións de produción de enerxía a partir de fontes renovables, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e nos termos sinalados na Constitución española e no Decreto 49/2024, do 24 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Dentro desta Consellería, a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático exerce, entre outras, as competencias no impulso de actuacións a prol da consecución dos obxectivos de descarbonización e neutralidade climática, así como o fomento e promoción da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a



innovación para o logro da adecuada protección ambiental e loita contra o cambio climático.

A Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático exerce tamén a competencia en materia de instalacións de produción de enerxía a partir de fontes renovables eólica terrestre, solar fotovoltaica e hidroeléctrica de competencia da Comunidade Autónoma, tendo en conta o seu papel no cumprimento dos obxectivos de redución das emisións netas de gases de efecto invernadoiro e de neutralidade climática da Unión Europea e a contribución da enerxía renovable á redución da contaminación e á protección, restauración e mellora do estado do ambiente, detendo e revertendo a perda de biodiversidade.

O 3 de outubro de 2019 o Consello da Xunta de Galicia aprobou a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía (EGCC2050), como instrumento planificador na loita fronte ao cambio climático e a transición enerxética na nosa Comunidade, de cara ao horizonte temporal 2050.

A Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 é a folla de ruta elaborada polo Goberno Galego para blindar o futuro da Galicia Verde, unha estratexia pioneira en canto que foi unha das primeiras rexións europeas en establecer por escrito o seu compromiso de acadar a neutralidade climática o antes posible e, a máis tardar, no ano 2050. Unha aposta por diminuír as emisións de gases de efecto invernadoiro en Galicia dun modo sostible e xusto, baseado na modernización e mellora da eficiencia dos nosos sectores produtivos, a posta en valor do noso entorno natural e a nosa capacidade como sumidoiro natural de CO₂.

Por outra banda, a tramitación de novas autorizacións para a instalación de parques eólicos na comunidade autónoma de Galicia atópase, a día de hoxe nun momento de parálise temporal, xa que máis de 60 parques eólicos, con máis de 1.800 MW de potencia, están suspendidos xudicialmente polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia producindo que estas instalacións non se poidan levar a cabo e paralizando a implantación de novos parques para produción de enerxía eólica.

Este feito está a provocar afeccións, non só aos obxectivos establecidos no Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2023-2030 (PNIEC) de implantación de enerxía autóctona e renovable de cara á descarbonización e protección do medio ambiente e no combate contra o quecemento global, senón tamén a toda a cadea de valor asociada a esta enerxía en materia de emprego, actividade económica, competitividade cohesión social e territorial.



CLUERGAL é unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e independente dos membros que a constitúen, con plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, nos termos regulados na normativa vixente e nos seus estatutos propios ao amparo do disposto no artigo 22 CE e da LO 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, cuxo misión e obxectivo principal o de promover proxectos conxuntos entre os seus membros, o desenvolvemento da industria e servizos do sector das enerxías renovables, así como accións encamiñadas a fomentar a sostibilidade enerxética, para alcanzar un maior nivel de competitividade de todo o sector, así como a creación dun entorno socioeconómico adecuado que propicie o crecemento da dita industria en Galicia.

Para conseguir este obxectivo, CLUERGAL exerce, entre outras, as seguintes actividades:

- a) Impulsar e defender os intereses xerais e horizontais da industria e servizos do sector das enerxías renovables.
- b) Promover a boa imaxe, a visibilidade e a importancia da industria e servizos do sector das enerxías renovables e a mellora do medio ambiente.
- c) Promover a cooperación, a innovación e a capacidade emprendedora co fin de potenciar, estimular e impulsar o tecido empresarial e a transferencia de coñecemento.
- d) Fomentar o intercambio de experiencias empresariais e profesionais entre os membros e a cooperación con centros de Investigación e demais organismos relacionados de carácter internacional.
- e) Favorecer a existencia de recursos humanos altamente cualificados e que favorezan a competitividade no sector, ademais de apoiar a xeración de das condicións adecuadas para que sexa un sector atractivo para o desenvolvemento profesional das persoas.
- f) Facilitar a existencia dun tecido industrial e de servizos galego competitivo nun entorno global, xunto co desenvolvemento das ferramentas adecuadas para crear un entorno de traballo cooperativo no que se eviten deslocalizacións.
- g) Apoiar aos poderes públicos nun desenvolvemento normativo adecuado nas actuacións nas que as administracións consideren de interese a presenza do clúster a través dos seus órganos de representación.

Consonte ao anterior, as partes consideran de mutuo interese colaborar para executar as distintas accións encamiñadas ao cumprimento dos seus obxectivos.



2. OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e CLUERGAL para o desenvolvemento **encontros e foros para analizar o impacto socioeconómico que se deriva da suspensión de proxectos eólicos e a súa repercusión no desenvolvemento enerxético e socioeconómico na nosa comunidade, ademais de programar e preparar os foros e publicacións divulgativas necesarias para dalos a coñecer.**

Por este acordo CLUERGAL comprométese a:

- a) Planificar e organizar foros nos que participen as empresas que interveñen directa ou indirectamente na cadea de valor relacionada cos parques eólicos, dende a súa planificación, deseño e fabricación ata a súa explotación para analizar o momento que vive o sector a consecuencia da incerteza xurídica debida á paralización dos proxectos.
- b) Planificar e realizar encontros e debates con expertos no sector, para poder contrastar coas súas experiencias dende diferentes puntos de vista, analizando tanto a situación actual coma a súa proxección cara o futuro en función de diferentes escenarios de execución de proxectos.
- c) Recoller, analizar e clasificar todo o material xerado nos foros, encontros e debates para o seu uso na elaboración de conclusións de cara ás campañas divulgativas.
- d) Colaborar coa Dirección de Enerxías Renovables e Cambio Climático na obtención de conclusións, obtidas a partir dos diferentes encontros e entrevistas e proxectalas cara ao futuro en diferentes escenarios temporais.
- e) Colaborar coa Dirección de Enerxías Renovables e Cambio Climático na elaboración de material divulgativo para a realización de actos e campañas de comunicación que permitan dar a coñecer o efecto socioeconómico causado por esta paralización no sector das enerxías renovables en Galicia.

Namentres que a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático a:

- a) Diseñar, en colaboración con CLUERGAL o guión que debe seguirse nos foros, encontros e entrevistas para que se desenvolvan de xeito produtivo e permita obter conclusións.
- b) Asistir a estes foros, sempre que sexa necesario e CLUERGAL o requira.
- c) Promover a coordinación con outros departamentos da Xunta de Galicia ou outras entidades públicas ou privadas que poidan ter interese ou



- competencias na materia e organizar as xuntanzas necesarias para a súa posta en común.
- d) Poñer a disposición o persoal técnico necesario para prestar o asesoramento necesario para facilitar o desenvolvemento das actividades vinculadas ao convenio.
 - e) Facilitar o acceso a fontes de información, sempre que sexa posible, que puideran ser relevantes para a análise do impacto socioeconómico dos proxectos eólicos, co fin de asegurar unha análise rigorosa e ben fundamentada.
 - f) Colaborar con CLUERGAL na obtención de conclusións, obtidas a partir dos diferentes encontros e proxectalas cara ao futuro en diferentes escenarios temporais.
 - g) Colaborar con CLUERGAL na elaboración de material divulgativo para a realización de actos e campañas de comunicación que permitan dar a coñecer o efecto socioeconómico causado por esta paralización no sector das enerxías renovables en Galicia.
 - h) Participar na organización de eventos divulgativos sobre a repercusión da suspensión dos proxectos eólicos en Galicia, aportando, de ser necesario, expertos ou persoal técnico que poida colaborar nos debates ou presentacións.
 - i) Facilitar o acceso aos canles divulgativos propiedade da Xunta de Galicia.
 - j) Financiar os gastos incorridos por CLUERGAL na realización das súas obrigas excepto os traballos de administración e coordinación destas actividades que sexan realizados por CLUERGAL a través do seu xerente e dos membros da súa xunta directiva.

3. NATUREZA DO INSTRUMENTO

De acordo co artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público *"Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.*

(...)

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. Nese caso, a súa natureza e réxime xurídico axustaranse ao previsto na lexislación de contratos do sector público".

A doutrina administrativa recolle que a diferenza fundamental entre un contrato administrativo e un convenio de colaboración radica na **confluencia de intereses entre as partes asinantes**. Mentres que nun contrato hai intereses contrapostos e



unha prestación económica por parte da administración para a adquisición de bens ou servizos, nun convenio predomina a **cooperación en termos de interese público e a ausencia de onerosidade**.

Neste senso, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e CLUERGAL comparten un **interese común no desenvolvemento das enerxías renovables e da sostibilidade enerxética** mediante unha aposta mutua por promover a mellora do medio ambiente, diminuír as emisións de gases de efecto invernadoiro na nosa comunidade dun modo sostible e xusto, baseado na modernización e mellora da eficiencia dos nosos sectores produtivos, así como a creación dun entorno socioeconómico adecuado que propicie o seu crecemento coa conseguinte xeración de emprego.

CLUERGAL é unha **asociación sen ánimo de lucro** que comparte tamén o interese da Administración de mellorar a boa imaxe e potenciar a visibilidade e a importancia do sector das enerxías renovables e a súa repercusión na sociedade e a súa economía. E para iso, dentro das súas actividades realizará accións encamiñadas a fomentar a sostibilidade enerxética para alcanzar un maior nivel de competitividade de todo o sector co obxectivo de crear un entorno socioeconómico adecuado que propicie o seu crecemento en Galicia.

Ademais, está entre as actividades que debe realizar o Clúster para conseguir estes obxectivos está o de desenvolver as ferramentas adecuadas para crear un entorno de traballo no que se eviten as deslocalizacións para facilitar a existencia dun tecido industrial e de servizos galego e competitivo nun entorno global, aliñado cos obxectivos do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2023-2030 (PNIEC) de conseguir unha independencia enerxética cunha porcentaxe de enerxía autóctona coma mínimo do 50%.

Así, o Clúster e a Consellería comparten ademais a súa preocupación pola paralización dos proxectos eólicos en Galicia establecendo un obxectivo común, mediante este convenio, de analizar o impacto socioeconómico que se deriva desta paralización e a súa repercusión no desenvolvemento enerxético e socioeconómico na nosa comunidade, estudando diversos escenarios e cuxas conclusións serán dadas a coñecer en diferentes foros e publicacións divulgativas.

Para isto, entre os cometidos do Clúster está o de apoiar aos poderes públicos nas actuacións nas que as administracións consideren de interese para acadar estes obxectivos.



Polo tanto, ambas partes colaborarán para consecución dun fin común de interese público, como é a loita contra o cambio climático e o fomento das enerxías renovables, no marco das competencias e fins de cadaquén, proporcionando vantaxes e sinerxías na que están implicadas actividades que coinciden plenamente coas que veñen desenvolvendo as entidades participantes.

Así mesmo, tal como se establece na cláusula quinta do convenio, a achega económica da Consellería de Medio Ambiente realizarase como unha compensación dos gastos nos que incorra CLUERGAL para a axeitada execución das accións previstas e **en ningún caso se aboarán importes que supoñan a obtención de lucro por parte da dita asociación**. Isto supón a inexistencia de intercambio patrimonial ou onerosidade, o que afasta definitivamente o obxecto desta actuación dun contrato administrativo.

Polo tanto, tendo en conta que o que se persegue mediante este convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a Asociación CLUERGAL é promover iniciativas ambientais de interese común e que non existe onerosidade, a súa natureza e os seus fins non se pode considerar que correspondan cos dun contrato administrativo suxeito á Lei 9/2017, do 8 de novembro, polo que, conforme ao artigo 6.2 debe quedar excluído do seu ámbito de aplicación.

Por outra banda, segundo a cláusula duodécima, **as partes acordan a titularidade conxunta dos resultados da actividade**, o que implica que non nos atopemos ante unha subvención, de acordo co establecido no Decreto 11/2009, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. FINANCIAMENTO E VIXENCIA

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático achegará a CLUERGAL a cantidade máxima de **20.500 €** con cargo á partida orzamentaria 36.02.541E.640.1 do seu orzamento de gastos para o **ano 2024**, en base á seguinte estimación.

Actuacións	Coste
Talleres e encontros previos coa participación de empresas e expertos no sector	13.721,40 €
Encontro da cadea de valor do sector eólico para a divulgación de conclusións	6.778,60 €
TOTAL	20.500,00 €

Esta achega económica realizarase como unha compensación dos gastos nos que incorra para a axeitada execución das accións obxecto do convenio.



As actividades de coordinación e administración dos diferentes traballos obxecto deste convenio realizadas por CLUERGAL, a través do seu xerente e dos membros da súa xunta directiva, non terán contraprestación económica, non estando incluído, polo tanto, nos gastos a abonar por parte da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Estímase que a participación de CLUERGAL non remunerada pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático en función da dedicación da súa xerencia para organizar, contratar, participar nos foros e colaborar coa Dirección Xeral de Medio Ambiente e Cambio Climático na obtención de conclusións e elaboración de material divulgativo é de **4.650 €**.

En ningún caso se aboarán importes que supoñan a obtención de lucro por parte da dita asociación.

Polo que atinxe ao prazo de vixencia, este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Por todo o exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio de colaboración entre as partes involucradas ao abeiro do establecido no artigo 47.2 letra b) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 6.2 do citado texto legal, sen prexuízo de que lle sexan de aplicación, como establece o artigo 4, os seus principios para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, *na data da sinatura dixital*
A directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático
Paula Uría Traba





ANEXO XUSTIFICACIÓN PREZOS

O desglose estimativo das partidas obxecto de financiación POLA Xiunta de Galicia é o seguinte:

Actuacións	Ud	€/und	Importe	IVE	Total
Talleres e encontros previos coa participación de empresas e expertos no sector					
Servizo para a promoción web e desenvolvemento telemáticos das xornadas	1	2.940,00 €	2.940,00 €	617,40 €	3.557,40 €
Servizo de para a organización e dinamización dos talleres así como a recompilación e clasificación do material elaborado nas xornadas	2	4.200,00 €	8.400,00 €	1.764,00 €	10.164,00 €
Subtotal			11.340,00 €	2.381,40 €	13.721,40 €
Encontro da cadea de valor do sector eólico para a divulgación de conclusións					
Servizo para a organización do foro incluíndo arrendamento e posta a disposición do local, equipos de son e iluminación e asistencia no evento.	1	4.300,00 €	4.300,00 €	903,00 €	5.203,00 €
Servizo de comunicación para a divulgación do evento	1	1.302,15 €	1.302,15 €	273,45 €	1.575,60 €
Subtotal			5.602,15 €	1.176,45 €	6.778,60 €
TOTAL			16.942,15 €	3.557,85 €	20.500,00 €

